

FRONTEIRAS

“Y precisamente de la mano del miedo aparece recurrentemente el tema de las fronteras...”

Diego Iturriaga Barco (*Visiones de Nuestro Tiempo*)

Para afondar nos últimos acontecementos que aflixen a humanidade sería preciso dispor dunha nova linguaxe cuxa envergadura mental fose capaz de abarcar o ton, a modulación e a resonancia das abominábeis accións que o ser humano é capaz de executar.

As imaxes e os discursos que nos chegan estes días son terribéis. Nútrense dos baixos instintos e da ignorancia, dando lugar a unha realidade absolutamente condenábel, tanto dende o plano material como espiritual, que nin o paso do tempo poderá perdoar.

Coñecíamos pola historia os efectos destrutivos destes discursos e destas accións recorrentes. Nembargantes, por preguiza ou insolidariedade non fomos capaces de detelas a tempo, vivíamolas nunha sorte de realidades paralelas que nunca se chegarían a encontrar. Non foi así. Arestora, as palabras están a piques de volver ser masacradas nas cunetas, nos barrancos e nos campos de batalla.

O odio foi sementando medo nos corazóns, e a día de hoxe non é alleo as miserábeis decisións do poder para satisfacer unha masa afervorada pola involución que ameaza con cercear as conciencias. Semella que o terror ao diferente é o sostén das civilizacións. Para garantir a súa seguranza inventáronse as fronteiras, onde son presos os náufragos da guerra ou da fame, a nenez violada e calquera ser humano por razóns de sexo, raza, ou relixión, impedindo con esta cegueira mental o natural desenvolvemento da historia.

Concirne á poesía facerse cargo deste horror? Coido que si. Posuímos un grande exército liderado pola palabra, unha arma poderosa se a utilizamos con amor, intelixencia e precisión.

Aínda que a poeta teña a tentación de abstraerse, de escribir sobre si mesma, debe comprender que non é o epicentro do mundo, que as turbulencias da sociedade tamén lle afectan, polo que ten a obriga de alzar a voz, emitindo a súa mensaxe de forma clara e contundente contra a arbitrariedade das fronteiras.